

# OPERTIVISM

## E ECONOMÍA SOCIAL

Nº 18. xullo-decembro 1998

### DIRECTORES

Ana Rosa Lorenzo Vila  
Antxon Mendizábal Etxabe  
Iago Santos Castroviejo

### MESA REDACCIÓN

Xoán Xosé Barreiro Prado  
Antonio Biempica González  
María Xosé Cabaleiro Casal  
Antonio Fernández Oca  
Xosé Manuel Fernández Outeiral  
Miguel Filgueira Touriño  
Pedro Figueroa Dorrego  
Xosé Antón Gómez Segade  
Estrela González Rodríguez  
Xosé Gundín García  
Xacobo Izquierdo Alonso  
Uxío Labarta Fernández  
Manuel Lojo Nieto  
Xosé Antón López Taboada  
Miguel Martínez López  
Eliseo Xabier Miguélez Díaz  
Hixinio Mougán Bouzón  
Mario Orxaes Pita  
Xulio Pardellas de Blas  
Pablo Sande García  
Xosé Turnes Paredes  
Antonio Vaamonde Liste  
Xosé Henrique Vázquez Vicente

### DESEÑO

Antón Pulido Novoa

### DEBUXO DA PORTADA

Manuel Pizcueta



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Servicio de Publicacións



Belarmino Barreiro Rosales

*O monte veciñal en man común no marco xurídico da parroquia.*

*Separata*

## O MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN NO MARCO XURÍDICO DA PARROQUIA

Belarmino BARREIRO ROSALES

*Xunta de Montes Veciñais en Mancomún de Cela.*

*Mancomunidade de Montes Veciñais en Mancomún do Morrazo*

**SUMARIO:** O monte veciñal en mancomún é o único patrimonio veciñal que se reconece como non público. Nunha historia administrativa do país que lle ven negando existencia xurídica á parroquia, os montes comunais están a ser os garantes e depositarios da pervivencia da parroquia. Describese a problemática das interaccións entre institucións.

**SUMARIO:** El monte vecinal en mano común es el único patrimonio vecinal que se reconoce como no público. En una historia administrativa del país que le viene negando existencia jurídica a la parroquia, los montes comunales están siendo los garantes y depositarios de la pervivencia de la parroquia. Se describe la problemática de las interacciones entre instituciones.

**SUMMARY:** Communally owned forest is the only local patrimony which is recognised as non public, and which in the administrative history of the country has been denied legal existence for the parish, the communal forests are the guarantors and depositaries of the survival of the parish. The problems of the interactions between institutions is described.

### 1. Introducción.

Os preliminares da Lei 13/1989 do dez de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia fala destes “como unha das poucas formas de propiedade de terras en común que logrou sobrevivir á organización municipal do século XIX e ó fenómeno desamortizador”, para logo engadir “por iso chama a atención que unha forma tan orixinal e tan nosa non fose obxecto de regulamentación específica ata hai vinte anos”.

A continuación trata no seu artigo primeiro de definilos dicindo “que son montes veciñais en mancomún os que con independencia da súa orixe, das súas posibilidades productivas, do seu aproveitamento actual e da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos

sociais e non como entidades administrativas e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños“.

“A propiedade dos montes veciñais en mancomún, con independencia da súa orixe, é de natureza privada e colectiva e a súa titularidade dominical e mailo aproveitamento correspóndelle, sen asignación de cotas, ó conxunto dos veciños...” (artigo terceiro).

“Son bens indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables e non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial nin á cota empresarial da Seguridade Social...” (artigo segundo)”.

Ata aquí o vixente marco lexislativo regulador dos montes veciñais en mancomún que nos serve de comezo a este artigo con claros fins reflexivos xurídicos de cara á súa caracterización dentro da figura do ordenamento territorial básico de Galicia, como é a asignatura pendente da parroquia. Sen entrar en fondas disertacións sobre a natureza do ser dos montes veciñais en mancomún diremos que se ben a citada lei recolle en esencia e en mínimos o que aqueles son, ben é certo que é a propia Administración a que non cre nin cumpre nin fai cumprila mesma, poñendo os montes veciñais en mancomún por debaixo e en inferioridade das outras formas de posuír máis acordos co dereito privado romano en detrimento da propiedade colectiva, isto é, o que as comunidades damos en chamar a consideración do monte nunca como prevalente por parte da Administración. Neste senso cabe indicar en contradicción coa Lei que os montes comunais non son veciñais en mancomún, de feito, tanto en canto os Xurados Provinciais de Clasificación resolven os expedientes incoados a intención de parte e nunca de oficio, como cabería pensar naqueles casos de abandono da defensa dos mesmos por razóns varias, á mercede da administración local como fonte de especulación e de dotación de servizos municipais que non teñen nada que ver coa súa natureza. Ademais si que se analiza a súa orixe, o seu aproveitamento e abundan resolucións que desestiman a clasificación por non ser útiles ó vecindario, por non acadar a superficie mínima ou por estaren próximos a viais e ou zonas máis ou menos urbanas e costeiras. Parámetros estes que se aplican á discrecionalidade dos Xurados Provinciais a sabendas de que a comunidade veciñal case nunca recorre ós contenciosos administrativos unha vez dictada Resolución expresa. ¿Que ocorre con estas parcelas de monte comunal abandonadas pola Admon. nos expedientes clasificatorios?, ¿Parcelas sobrantes dos Concellos, algunha con superficie de media hectárea? Velá a contradicción na aplicación da Lei. A miúdo son as comunidades parroquiais as que seguen a velar por elas, aínda que documentalmente a desidia da Admon. as teña apartadas do expediente clasificatorio. As consecuencias virán despois no apartado da súa defensa, ben por usurpación de particulares, invasión ou mesmo apropiación por parte dos concellos. Aí ben logo o artigo segundo da non división, non prescrición, de non poder vendelos nin embargalos, unha romántica xurí-

dica que poucos teñen o honor de mantelo e defendelo nas súas sentencias e resolucións administrativas, tal foi o grave abandono e latrocinio da propiedade veciñal dende o século pasado, pero sobre todo nos últimos setenta anos de tutela municipal, ou habería que dicir de roubo e especulación municipal.

Se para defini-los montes veciñais en mancomún hai máis ou menos cobertura legislativa pouca ou nada hai referente ó marco das parroquias. Por conseguinte, o primeiro que cabe preguntarse é sobre a orixe e a identidade do que nós mesmos coñecemos como parroquia, cando e como nace esta entidade territorial e social na que parecen coincidi-la maior parte dos autores. Non temos máis que segui-las liñas de investigación de don José Fariña Jamardo no seu libro *La parroquia rural en Galicia*<sup>1</sup>, quen nola presenta como resultado dun proceso evolutivo de superposición dos distintos modelos territoriais que cada pobo, nos seus respectivos asentamentos, ía implantando á súa chegada ó noroeste peninsular, dende o propio inicio e evolución da cultura castrexa.

Nos estudos recentes sobre a estruturación territorial previa á chegada dos romanos, parece incidirse no feito de que en cada unha das que hoxe son parroquias e freguesías, coa súa igrexa á cabeza, existían xa primitivos modelos organizativos moi simples que se desenvolverán co tempo ata chegar a outros máis complexos demostrativos de que na mesma ubicación dos nosos templos existían xa outras manifestacións de culturas preexistentes como castros, mámoas, etc. Esta coincidencia non nos debe estrañar se pensamos que se trata de encravados estratéxicos e ben situados á hora de formaren un centro cohesionador dunha poboación dispersa e pouco numerosa. Coa romanización, lonxe de destruí-lo modo e organización dos sometidos en van, non só a respectan, senón que as aproveitan superpoñéndose a elas, facilitando así a súa asimilación e integración das comunidades no imperio. Estas van medrando ata configura-los “vici”, aldeas organizadas rudimentariamente. Rexíanse polos máis vellos de cada familia, os “vicini” ou veciños que se xuntaban a deliberar nas encrucilladas dos camiños e tamén a realizar traballos de xeito comunitario ou de mancomún nas eiras, laxes, soutos e lagos. Estamos ante os antecedentes dos “concilium” ou consellos de anciáns da vida romana. Ademais estes lugares eran froito das deidades paganas politeístas, levantándose os coñecidos como “lares compitalia” que logo serán a base cristiánizadora dos petos de ánimas, cruceiros etc. O crecemento das aldeas provocou a aparición das “villae” que na meirande parte de Galicia ou non se chegaron a formar ou ben desapareceron.

Coa chegada das novas correntes cristiánizadoras iníciase unha conversión lenta, pero progresiva, de todo ese mundo pagano, inclusive a vertebración e os modelos territoriais. Lonxe de ser unha innovación, a organización eclesiástica foi un calco da xa existente romanizada. É neste intre onde cris-

---

1. José Fariña Jamardo. 1975. *La parroquia rural en Galicia*. Madrid: Instituto de Estudios de Administración Local.

tianizado “de iure” o imperio, acaba instalándose nese modelo anterior preexistente unha unidade social e territorial que chamamos parroquia, pero que na realidade, xa viña existindo anteriormente.

Será no século VI, no apostolado de San Martiño Dumiense, arcebispo de Brácar, cando se produza a conversión e organización de todo o reino dos suevos. Esta etapa é decisiva na mentalidade das xentes: asúmese a pertenza a unha entidade superior de organización, isto é, hai consciencia do paso. Non estamos ante familias, nin aldeas, senón ante unha nova entidade que se diferencia e contrapón a outras coma ela e coas que mantén relacións. Aínda se vai un grao máis alá: o elemento cohesionador das parroquias ou comunidades poboacionais e territoriais xa non son as encrucilladas nin os consellos de anciáns, tampouco os lazos de sangue, é outro de carácter abstracto e de recente implantación: a relixión ou credo cristián, isto é, o vínculo polo que todos na parroquia se xuntan a alguén que xa non é o “pater familias”, é o momento da creación de “ecclesias” e de toda a cristianización. Ás parroquias tal e como viñan caracterizadas hai agora que engadirlle un novo elemento unificador, o relixioso, é dicir, unidade territorial, social e relixiosa. Os seus integrantes considéranse vencellados a unha comunidade que din ser de crentes. Pasamos xa a un estadio novo non de viciños, senón de freguesías e de fregueses (= filius ecclesiae ou fillos da Igrexa). Velaí a unificación e identificación plena durante séculos entre parroquia e freguesía. Termo civil e relixioso unificado para as xentes en relixioso. En Galicia, peculiar e xenuinamente pervive aínda hoxe forte o carácter civil, territorial e social da parroquia, noutras comunidades non galegas este sentido está perdido e unido para sempre ó relixioso ou de “feligresía”.

## 2. A parroquia hoxe

Xuridicamente, hoxe a parroquia é unha entelequia histórica inexistente, fóra do noso ordenamento, pero que organizativamente ninguén nega, pola contra a súa existencia omnipresente na vertebración do territorio. Aí están testemuños tan inequívocos como os sinais de tráfico, o artellamento interno poboacional dos concellos que falan, citan e escriben dela, pasando pola propia Administración Autonómica que lle nega a súa existencia xurídica, pero que irremediamente fala delas cando publica os planos de desenvolvemento comarcal ou regulariza o uso dos topónimos coa asignación explícita dos lugares e aldeas ás parroquias e destas ós termos municipais.

Unha contradicción aparente que ninguén define, pero tampouco nega. Por iso cada vez recobra maior actualidade e protagonismo a conclusión número trinta e tres do I Congreso Galego de Comunidades de Montes<sup>2</sup>:

2. I Congreso Galego de Comunidades de Montes, mosteiro de Poio, maio de 1997. Lema: unha voz na defensa do monte comunal. Caixavigo, Vigo 1998. Páx. 84

*“A parroquia é a entidade organizativa de base con fonda presenza na historia social de Galicia. As comunidades de montes reclaman o seu ordenamento xurídico (aínda pendente de desenvolvemento lexislativo) que ha de servir de base para o ordenamento do territorio galego”.*

Síntomas desta eiva que persiste nestes intres, naquelas parroquias nas que o seu desenvolvemento comunitario e social demanda máis pulo son as asociacións de veciños e os consellos parroquiais. As primeiras obedecen a un modelo urbano importado con bases romanistas na que a iniciativa parte copiada da propia institución municipal baseada no modelo dos barrios, como xeito de mellor organizarse e dirixirse á Administración nas súas demandas sociais. Os segundos obedecen a un modelo máis rural con raíces nas pedanías ou mordomos decimonónicos (e que aínda existen, en menor medida, no interior) cunha organización que se achega máis no fondo ós preceptos xermanistas do monte veciñal en mancomún e que os diferencia das anteriores, case sempre, en que parten dos veciños como conxunto, con clara vocación aberta e asemblearía do estilo dos concellos abertos.

A proporción e número dunhas a outros non ten comparación, sendo o modelo das asociacións de veciños as máis extendidas co grave risco engadido de que en moitos casos, ben pola extensión superficial e dispersión de poboación ou ben polas discusións entre lugares, as asociacións veciñais especialízanse en pseudoentidades territoriais inferiores á parroquia, sexan como barrios ou aglutinadoras de aldeas e/ou lugares, desvirtuando, se cabe, aínda máis, o marco xeral verdadeiro das parroquias. En ámbolos dous casos non son, senón, parches da verdadeira existencia e vocación da entidade parroquial como tal.

Nin que dicir ten que os concellos en Galicia ou “ayuntamientos” derivados da nova organización “de los pueblos” pola Constitución de 1812, son o resultado da adición de parroquias, tal e como eran, non de lugares, pobos ou aldeas no significado de Castela, senón das parroquias a costa do modelo vello das xurisdiccións e coutos ou comarcas do Antigo Réxime. Por iso, serán elas as que en moitos casos decidan organizarse e pedir constituírse en concellos ou distritos e seren capitais dos mesmos. Velaí un exemplo:

*“En la feligresía de Santa María de Cela a veinte y nueve días del mes de octubre de mil ochocientos treinta y cinco, ante mi escribano y testigos parecieron presentes (...) todos vecinos de esta feligresía que hacen por lo que les toca y a los más de que se compone el vecindario de ella (...) en forma dixeron: que por quanto en el Boletín Oficial número ochenta y uno de la Gobernación Civil de esta Provincia se insertó el artículo de oficio de la misma con fecha diez del corriente determinando que los Pueblos de ella que se hallen en el caso que indica el artículo cuarto del Real Decreto de veinte y tres de julio último sobre el arreglo provisional de Ayuntamientos que crean venirles usar de la gracia que les concede, dirijan sus solicitudes al propio*

*Gobierno Civil por medio de un representante que nombren acompañado de Documento que justifique su autorización para este objeto y la voluntad general de los vecinos de organizar aquella corporación en todo el presente mes y pasado sin verificarlo quedar sujetos al arreglo que efectuará de aquellos Cuerpos Municipales, hecho saber y publicado al vecindario de esta sobre dicha parroquia haberen manifestado efectivamente la voluntad general de formar por si Ayuntamiento propio por serles útil y ventajoso, teniendo el número de más de trescientos y cincuenta vecinos, separándose de la villa de Cangas de donde dependieron hasta ahora (...)*<sup>3</sup>

De aí que as incipientes Deputacións Provinciais sufriran unha avalancha de demandas parroquiais mediante poderes outorgados directamente polos veciños e non viceversa: dado un modelo previo, vén a adaptación que dura todo o século XIX e primeiras décadas deste, coa supresión e emancipación de novos concellos. Casos recentes como o da Illa de Arousa, concello inicial no seu momento e suprimido inexplicablemente que cento cincuenta anos despois vén a reclama-lo seu lugar e existencia no novo mapa administrativo de Galicia. Casos esquecidos, pero non exentos dos mesmos compoñentes son Valadares e Bouzas en Vigo, Meira en Moaña... etc. (Cf. Meira, 24 de agosto de 1836 de D. Jacinto García Piñeiro, artigo inserto no Faro de Vigo do 24 de agosto de 1998)

Consolidada hoxe a Administración Local, pola contra o debate está aberto sobre a figura cada vez máis discutida das deputacións provinciais que subsisten como meros intermediarios económicos e de xestión decorativos entre a Administración Estatal e maila Local e que se cuestiona o cumprimento dos fins de apoio e asesoramento a aqueles municipios que de seu non poden afrontar e garanti-los servicios públicos mínimos á cidadanía e que son de obrigado cumprimento. No fondo está a cuestión da artificialidade e inoperatividade dunha estrutura non adaptada ó modelo galego que pasaría pola recuperación das parroquias e maila comarca.

### 3. O Monte Veciñal en Mancomún e a parroquia

Coa nova vertebración territorial emanada do liberalismo decimonónico en provincias e concellos no canto das xurisdiccións, coutos e comarcas do Antigo Réxime, no noso país acontece a inversión da orde dos termos do proceso evolutivo cara ese novo artellamento constitucional que culmina coa superposición dos modelos ou estratos que non implicaron a desaparición dos anteriores, senón máis ben unha asimilación forzosa, isto é, os concellos galegos de nova planta ou distritos, desaparecida a xurisdicción e polo tanto a

3. Poder outorgado polos veciños da parroquia de Santa María de Cela (Bueu) a favor de Manuel Guimeráns e outros. Ante o escribano don Josef Benito de Arís. Cela, 1835.

finalidade comarcal, constitúense a partir da agrupación de parroquias (neste intre identificadas co termo feligresía, fillos baixo a mesma igrexa e pai de ánimas, que misan e enterran nela e ós que se xunguen os atributos xurídicos e territoriais inherentes á parroquia e que se presupoñen anteriores a aquelas outras) co que isto leva consigo: lindes, propiedades veciñais, montes, augas e todo o patrimonio dos comunais (soutos, laxes, fontes, lavadoiros, lagos, escotes, servidumes), usos e costumes. Son elas, as parroquias, parte activa e protagonista na conformación municipal como xa quedou dito e máis alá da mera subsistencia sitúanse dentro daqueles adaptándose ó novo marco xurídico, facéndose piores sobre os que se sustentan, a costa, iso si, paulatinamente do seu elemento xurídico en favor dos municipios e da súa cabeza: o concello. De tódolos xeitos non dubidaremos en afirmar (pensemos nunha hipotética abolición total das mesmas) que doutra maneira non tería sido posible a implantación municipal en Galicia, dada a forza e o cerne con que todavía contaban e contan as nosas parroquias como célula viva de todo o entramado territorial galego.

Neste marco xeral, o monte e en particular o do común dos veciños, non é senón depositario de toda esa tradición multiseccular de usos e costumes das parroquias, o que se veu en chamar “inmemorial dos pobos” que non son outros que os montes veciñais en mancomún. Neste intre de implantación municipal, os bens do común dos veciños están garantidos pola entidade parroquial (marco xurídico e político-territorial) de tal xeito que a súa natureza, titularidade e pertenza están intrinsecamente xunguidos á figura dela. Proba disto serán os expedientes municipais de afanegados, estatística, amillaramentos, libros da riqueza rústica e mesmo os catálogos de excepción de venda ante a Administración de Propiedades e Dereitos do Estado (Facenda) que os concellos instruirán ante a ameaza desamortizadora dos bens das parroquias, non dos concellos que carecen neste intre de patrimonio de propios (inclusive moitos deles nin dispoñen de casa consistorial) e onde se reflicten e aluden inevitablemente ás parroquias representadas polas pedanías e levantando acta das declaracións dos veciños sobre os danos irreversibles que suporía a súa venda. A forza, pois, reside na parroquia. Velaí un exemplo<sup>4</sup>:

*“Manifestación del Pedáneo de Santa María de Cela.- En Bueu a veintiocho de octubre de mil ochocientos sesenta y uno, ante el señor don Ramón Pla, Alcalde de este distrito, se presentó don José Pastoriza, Pedáneo de Santa María de Cela, manifestando que no tiene título alguno de pertenencia de los montes de aprovechamiento común que aparecen disertados en la declaración rendida por el perito (...), pero tiene entendido que están incluidos en cartas forales y que por ellos se paga renta, inclinándose tanto más a ello*

4. Expediente municipal de excepción de venda dos montes de aproveitamento común do concello de Bueu (Pontevedra). Ano de 1861.

*porque el vecindario de la referida de Cela siempre se utilizó y sirvió de él sin serle nunca interrumpido este derecho de posesión. Es lo que se le ofrece manifestar bajo el juramento que previamente prestó en que se ratifica (...)*"

*"Justificación de la parroquia de Santa María de Cela.- En la villa de Bueu y casa de audiencia de su Ayuntamiento a veintiocho de octubre de mil ochocientos sesenta y uno ante el Sr.D. Ramón Pla, Alcalde de este distrito se presentaron por virtud de orden Tomás García, José Estévez y Antonio Entenza, vecinos de la parroquia de Santa María de Cela, de quienes dicho señor recibió juramento que lo prestaron en forma de que certifico, en fuerza(...) de este expediente declaran: que los montes (...) enclavados en la parroquia de su vecindad desde que tienen conocimiento los deponentes se disfrutaron siempre por los vecinos entre quienes se consideraron y consideran como de aprovechamiento común, sin que en el goce de esta posesión fuesen nunca interrumpidos: que no obstante lo expuesto los referidos montes se hallan sujetos al pago de pensiones, las cuales los respectivos dominios las distribuyeron sobre los más bienes que dieron en sus cartas forales como debe constar de las mismas cual acontece con el monte de Chans y el de Pedrouso, que los expresados montes a pesar de su poca importancia son útiles al vecindario y particularmente a la clase pobre para apacentar algún ganado de labor, recoger alguna leña de tojo y hacer con él abonos, siendo, por consiguiente para el mismo un daño si se vieran privados de ellos. Así lo declararon por verdad a cargo del juramento prestado en que se ratifican (...)"*

Outra proba de que os distritos de nova planta tiveron inevitablemente que sustentarse nas parroquias é que ata a formación do chamado Mapa dos Pobos de España, ordenada no trinta de setembro de 1870 ( e que non se levou a efecto na súa totalidade ó longo dos sucesivos anos) e maila formación do Catastro Parcelario de España, por orde do vintetrés de marzo de 1906, os concellos galegos non tiveron necesidade de deslindarse e amolloarse, por canto se daba por ben feito que a liña de demarcación entre municipios era a perimetral das parroquias que o integraban e que viña de vello. Ata a aparición do Instituto Xeográfico e Catastral e mailo Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial, os límites dábaos a parroquia. Posteriormente o paradóxico ordenamento xurídico local levou a se-lo xermolo dos actuais problemas e conflitos demarcacionais e de competencias por razón do territorio ó alterar, unhas veces por descoñecemento, outras por imposición do momento histórico, novas liñas de término en clara contradicción coas vellas demarcacións xurisdiccionais das parroquias.

Chegados a este momento que poderíamos enmarcar en torno ós anos vinte e trinta deste século, ten lugar ó noso xuízo un movemento máis que levará á degradación paulatina da figura e entidade da parroquia en aras dun maior centralismo a través do desenvolvemento e afianzamento da personalidade dos

concellos, con graves consecuencias para o monte veciñal e coincidente en boa parte con períodos históricos de réximes dictatoriais. Os montes comunais dos veciños, ata o de agora parellos ó acontecer das parroquias e que noutrora servirán socialmente e xeograficamente de unión e aglutinadores do territorio (pensemos que a meirande parte deles estaban rasos, adicados ó pastoreo de gando e á obtención de esquilmes para esterco, o cal non menoscaba a súa funcionalidade capital no agrarismo, antes ben estes montes estaban igualmente gravados e suxeitos ó canon foral coma os labradíos e moitas veces inmerso nestes últimos, dos que non se librarán ata a redención foral dos anos vinte), hoxe, pola contra, servirán para dividir, usándoos como de ficticias fronteiras políticas entre municipios e mesmo provincias. ¿Quen non ten grandes extensións de montes abertos marqueados e partidos como consecuencia de serviren de fronteira política entre concellos?, ¿de onde veñen os actuais problemas entre parroquias que pertencen a distritos distintos que ven como o uso e aproveitamento inmemorial do monte por parte da súa comunidade quedalle tronzado polas imaxinarias, pero efectivas liñas de término entre concellos que acarrexan tantos conflitos mesmo a súa clasificación perante os xurados provinciais? Velá a inversión da relación harmónica: a parroquia, desterrada e despoñida da súa existencia xurídica, xa non é quen de gardar para si e velar polo seu patrimonio, o seu monte veciñal. Inda máis alá: as parroquias (inexistentes administrativamente e xuridicamente, non podemos deixar de manter este referente) vense alteradas territorialmente ó non coincidir límite do concello con límite parroquial (nos casos de fronteira, e entre lindes internas das parroquias dun mesmo concello, xeralmente abolidas e esquencidas, inoperantes ata a devolución do monte ós veciños) en base a unhas leis estatais do territorio que ignoran a realidade social e territorial de seu.

Neste senso, toda a lexislación local dos últimos setenta anos non fixo senón erosionar-la figura das parroquias e atentar cando non exterminar-la propia existencia dos comunais, que agora pasan a chamarse montes abertos ou baldíos. Pensemos na figura dos montes leirados neste século ou tamén chamadas individualmente (termo oposto ó comunal) leiras abertas, é dicir parcelacións indocumentadas dos montes comunais repartidas entre algúns veciños e xamais devoltas que logo nalgúns casos foron legalizándose ben polas sucesivas transmisións patrimoniais familiares ou inclusive polo propio Estado (caso da Dictadura de Primo de Rivera), os comunais trasmontados ou roturados no tempo da fame, posteriormente á guerra civil e que nunca máis foron devoltos ó común dos veciños e noutros casos, vendidos polos concellos, a propia figura dos sobrantes de vía pública, verdadeiros caixóns de xastre e camiño de vendas directas encubertas e interesadas, por non falar das consecuencias que tiveron as ocupacións indebidas e construcións amparadas pola Institución Municipal na figura persoal e directa dos alcaldes así como do propio Patrimonio Forestal do Estado e as Leis Hipotecarias dos anos coarenta que obrigaron á municipalización (desnaturalización dos comunais) e

inclusión dos montes dos veciños nos Libros de Inventario de Bens Municipais, castración última que sufriron os nosos comunais como transacción e moeda de cambio, cando non fonte gratuíta de terreos para equipamentos chamados públicos, aínda hoxe vixente e tamén algunha que outra especulación en zonas estratéxicas e turísticas como soe acontecer cos montes comunais costeiros.

Por último referirémonos ó estadio máis moderno do noso acontecer como é o momento da posibilidade de devolución do monte ós veciños do que boamente quedou, en moitos casos, a través do Regulamento de Montes Veciñais en Man Común (Decreto 569/1970 do vinteseis de febreiro) ata o actual marco xurídico da Lei 13/1989 do dez de outubro de Montes Veciñais en Man Común de Galicia e o seu Regulamento para a execución a través do Decreto 260/1992 do catro de setembro. Tal é o despreccio ó marco incomparable da parroquia que todo este ordenamento xurídico, sen citala, presupona e neste senso permite a clasificación dos montes comunais a favor de lugares e entidades menores cá parroquia se así o solicitan, en moitos casos sen aval histórico e simplemente pola agrupación espontánea dos mesmos. Este fenómeno contra natura fai merecente e provoca casos de litixios xudiciais entre veciños dunha mesma parroquia pola pugna dos seus lugares, mesmo naquelas máis pequenas en superficie e extensión xeográfica, pola loita da adscripción a unha determinada aldea ou lugar do monte en cuestión ata chegar á súa división, cando de sempre fora o marco parroquial o garante do mesmo.

A outra incidencia que tamén se está a dar (aínda que menos) é no referente a aquelas freguesías de nova creación (que non parroquias). Lembremos que a parroquia é anterior á freguesía e esta é resultado da crstianización e evanxelización daquelas, de aí a identificación e coincidencia no tempo na maioría dos casos. Cando a Igrexa hoxe crea unha freguesía nova ou comunidade de fieis (reservemos parroquia para a significación civil) non o fai nos termos daquela, senón de atención ó culto e ás almas, como acontece nas zonas urbanas das cidades, non teñen, pois, implicacións territoriais máis ca a de distribución poboacional en canto ó culto e non patrimoniais como as parroquias orixinariamente. Pois ben, os veciños destas novas freguesías vense despoixados na práctica dos dereitos iniciais que tiñan nos montes veciñais da parroquia de orixe (ata entón tamén freguesía), de aí que se tomen decisións equivocadas coma as de volver a dividi-los montes ou prescindir dos veciños comuneiros negándolles o acceso á comunidade de orixe, á que seguen pertencendo como parroquia, aínda que non o fagan como freguesía.

Non ten nin que dicir que ambas situacións menoscaban e van en detrimento do que debiera se-la parroquia. En todo caso o que si nos gustaría resaltar é que hoxe estamos asistindo a unha nova inversión dos termos da relación: xa non é a parroquia a que acolle e ampara ós montes veciñais en mancomún, senón que son estes os garantes e depositarios da pervivencia da

parroquia, pois son nos montes veciñais en mancomún nos que reside o pouso xurídico e legal daquelas, enténdase figura xermánica, por canto é o único patrimonio veciñal de seu que se recoñece como non público xunguido ás poucas manifestación testemuñais que aínda subsisten e que acolle o Dereito Civil Galego.

Santa María de Cela, outubro e vinteún de mil novecentos noventa e oito.

